

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE XUÑO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio

NON ASISTE:

D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA INTERINA:

D^a Laura Garcia Santiago

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e tres minutos do día nove de xuño do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán e D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora interina D^a Laura Garcia Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE XUÑO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de xuño de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 2 de xuño de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Escrito de don Manuel Castro Uzal, rexistrado de entrada o día 2 de xuño de 2026, co número 20260000002715, no que comunia a súa ausencia por vacacións dende o día 8 ao 22 de xuño de 2026.
- Resolución de 3 de xuño de 2026, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE número 137, de 05-06-2026.
- Resolución de 29 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, pola que se dá publicidade do agotamento do crédito dal liña 1 da Orde de 3 de febreiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas a entidades locais de Galicia para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia Refugio Climático) así como a actuacións de identificación e adecuación de refuxios climáticos para a biodiversidade (programa PIMA Adapta Refugios Climáticos), e se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2026 (código de procedemento MT975Y). DOG número 104, de 05-06-2026.

3.- PROPOSTAS

ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DE RESPONSABLE DO CONTRATO DE PÓLIZA DE DANOS MATERIAIS DO CONCELLO DE CAMBRE. EXP. TEDEC NÚM 2026/C006/000003

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 5 de xuño de 2026 (CVD: fLfDMsplezigIDG+Hbq5), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 165/2026, do 27 de febreiro, na que se acordou avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para adxudicar a contratación da póliza de danos materiais do Concello, contrato baseado no Acordo marco licitado pola FEMP a través da súa Central de Contratación (exped. TEdC núm. 2026/C006/000003).

Visto que no dito acordo, entre outros, designouse á técnica de xestión de administración xeral interina responsable do contrato, e que esta funcionaria interina causou baixa voluntaria neste concello con efectos do 8 de marzo de 2026, isto segundo Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, número 197/2026, do 6 de marzo.

Visto canto antecede e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto a designación da técnica de xestión de administración interina como responsable do contrato de póliza de danos materiais do Concello de Cambre, efectuado por Resolución da Alcaldía núm. 165/2026, do 27 de febreiro, e designar nova responsable do contrato a dona Verónica María Otero López, técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría.

Segundo: Notificar o presente acordo a Willis Iberia, Correduría de Seguros y Reaseguros do Concello de Cambre para este contrato, e dar traslado á responsable, para a súa constancia e para os efectos oportunos”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 5 de xuño de 2026 (CVD: fLfdMsplezigIDG+Hbq5), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 29 de maio ao 4 de xuño 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 411/2026 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 441/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
411/2026	29-05-2026	Aprobar as facturas por importe de 60.984,00 euros
412/2026	29-05-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MdeICMM
413/2026	29-05-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MdeICVS
414/2026	29-05-2026	Declarar o cesamento por xubilación forzosa do funcionario de carreira EMC con efectos do día 31 de maio do 2026, de conformidade cos artigos; 67.2 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, o artigo 68.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e o artigo 205 do Texto refundido da Lei xeral da seguridade social aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, de

		30 de outubro
415/2026	29-05-2026	Aprobar a nómina do mes de maio de 2026 por un importe total de retribucións brutas 304.472,23 euros
416/2026	01-06-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de xuño de 2026
417/2026	01-06-2026	Autorizar ao titular da licenza de taxi número 25, a substituír o vehículo co que presta servizo, Opel Insignia, por outro de nova adquisición, marca XPENG, modelo G6. Solicitante: JLSF
418/2026	01-06-2026	Autorizar a suspensión temporal do título habilitante para a licenza de taxi número 5 do Concello de Cambre, ao térselle recoñecido unha incapacidade permanente polo Instituto Nacional da Seguridade Social Solicitante: JMEL
419/2026	01-06-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: FOR
420/2026	01-06-2026	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de abril de 2026; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
421/2026	01-06-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade quen pola súa discapacidade cumpre os requisitos previstos para as persoas con deficiencias visuais no artigo 3.1.b) do Real decreto 1056/2014, de 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: LRMV
422/2026	01-06-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: VM
423/2026	01-06-2026	Aprobar a relación de solicitudes admitidas dos/as participantes na 1ª quenda, do 1 ao 15 de xullo de 2026, do programa de actividades "Campamento urbano de verán 2026". Aprobar a relación de solicitudes admitidas dos/as participantes na 2ª quenda, do 16 ao 31 de xullo de 2026, do programa de actividades "Campamento urbano de verán 2026". Aprobar a relación de solicitudes admitidas dos/as participantes na 3ª quenda, do 3 ao 14 de agosto de 2026, do programa de actividades "Campamento urbano de verán 2026". Aprobar a relación de solicitudes admitidas dos/as participantes na 4ª quenda, do 17 ao 31 de agosto de 2026, do programa de actividades "Campamento urbano de verán 2026"
424/2026	01-06-2026	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de

		Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas entre o 1 e o 31 de marzo de 2026; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
425/2026	01-06-2026	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de marzo de 2026; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
426/2026	01-06-2026	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas entre o 1 e o 28 de febreiro de 2026; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
427/2026	02-06-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
428/2026	02-06-2026	Facer rendibles excedentes temporais de tesourería por importe de 22.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de tres meses, solicitando para tal fin a presentación de ofertas ás entidades financeiras con sede na praza
429/2026	02-06-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 08.05.2026, tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 28.05.2026, Aprobar as facturas por un importe total de 27.226,46 euros
430/2026	02-06-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 26.05.2026, tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino con data 28.05.2026. Aprobar as facturas por un importe total de 153.803,03 euros
431/2026	02-06-2026	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas entre o 1 e o 30 de abril de 2026, isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
432/2026	02-06-2026	Tomar coñecemento de que o cadáver de MOA falecida o día 19 de maio de 2026, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 141, letra C, no cemiterio municipal de Cambre en data 21 de maio

		de 2026
433/2026	01-06-2026	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 28 de febreiro de 2026; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
434/2026	01-06-2026	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2026; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
435/2026	01-06-2026	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2026; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
436/2026	01-06-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MECV
437/2026	01-06-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención, tendo en conta os informes emitidos pola xefa da Unidade de Réxime Interior de data 22.05.2026 e polo administrador do sistema informático con data 26.05.2026. Aprobar as facturas por un importe total de 1.494,02 euros
438/2026	29-05-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
439/2026	03-06-2026	Desestimar o recurso interposto por MCCL contra a Resolución número 342/2026 do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Local pola que se asigna temporalmente á auxiliar administrativa da Axencia de Desenvolvemento Local MCCL as funcións e tarefas propias do posto de traballo de auxiliar administrativo do

		departamento de Servizos Sociais
440/2026	04-06-2026	Comparecer no procedemento ordinario 116/2026 perante o Tribunal da Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 3 da Coruña, acto impugnado por MG, S.L., contra la desestimación presunta polo Concello de Cambre do escrito presentado en data 13.05.2025, no que se reclamou o aboamento das facturas derivadas do servizo de limpeza por importe de total reclamado de 33.633.55€, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á asesoría xurídica da excma. Deputación provincial
441/2026	04-06-2026	Aprobar a lista definitiva dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as á oposición para a elaboración dunha relación de candidatos/as para a cobertura de postos de funcionarios/as interinos/as de educadores/as sociais, encadrados na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnico/a medio/a, pertencentes ao subgrupo "A2"

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á declaración de emerxencia da tramitación do expediente e á adxudicación do contrato para a subministración e instalación dunha bomba para a EBAR de San Lourenzo. Expediente número 2026/C002/000004.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez quen, unha vez concedido, manifesta que a urxencia do asunto é debida á situación actual do bombeo de San Lourenzo, polo que é urxente adquirir a bomba.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

- PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE E Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA PARA A EBAR DE SAN LOURENZO. EXPEDIENTE NÚMERO 2026/C002/000004.

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 9 de xuño de 2026 (CVD: k1V4yEcEMkTR696dDkVC), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto o expediente de contratación para a subministración e instalación dunha bomba para a EBAR de San Lourenzo. Expediente TEdC núm. 2026/C002/000004.

Vista a proposta-informe de necesidade emitida o día 11 de marzo de 2026 polo enxeñeiro técnico de obra pública interino (CVD: eGc3Y/5EJTiy06TOvCJA), cun presuposto base de licitación de 10.874,69 euros, sen IVE; 13.158,38 euros, IVE incluído.

Visto o informe de necesidade e xustificación da tramitación urxente do expediente que emitiu o enxeñeiro técnico de obra pública interino o día 25.03.2026 (CVD: 2x5pm1pK05RI2nWZCU4U), que di:

“Expediente: 2026/C002/0000

Asunto: Informe de necesidade e xustificación de tramitación urxente do expediente de contratación.

1. Antecedentes

En base á documentación que consta no expediente, en particular o informe emitido por AUGASERVI S.L. de data 30/0 Augas Residuais (EBAR) de San Lorenzo atópase actualmente fóra de servizo debido a diversas incidencias técnicas que afectan ás bombas e aos sistemas de arranque, producíndose vertidos directos de auga.

Así mesmo, mediante providencia de Alcaldía de data 09/03/2026 dispúxose o inicio da tramitación do correspondente expediente de contratación, constatándose que as actuacións necesarias non se atopan incluídas nas obrigas do contrato vixente de xestión do servizo.

2. Xustificación da necesidade e da tramitación urxente

A situación actual da EBAR de San Lorenzo supón a interrupción do funcionamento dun servizo público esencial, como é o saneamento municipal, producíndose vertidos di augas residuais ao medio natural.

Esta circunstancia comporta un risco evidente de contaminación ambiental e afección á saúde pública, constituíndo un prexuízo directo ao interese xeral restablecer o funcionamento do sistema de bombeo no menor prazo posible.

A persistencia desta situación no tempo incrementa os danos ao medio e agrava as posibles responsabilidades da Administración, polo que resulta imprescindible, urxente e inaplazable a adopción de medidas que permitan restablecer o servizo na maior brevidade posible.

As actuacións necesarias consisten no subministro e instalación dunha bomba somerxible para augas residuais, así como dos elementos auxiliares precisos para a súa correcta posta en funcionamento, incluíndo os traballos de montaxe e posta en servizo.

Neste sentido, non resulta posible atender a situación mediante medios propios nin a través das obrigas do contrato vixente de xestión do servizo do seu ámbito, tratándose dunha actuación que excede do seu ámbito, polo que se fai preciso acudir á contratación externa.

De conformidade co disposto no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, poderá acordarse a tramitación urxente do expediente cando razóns de interese público así o aconsellen. No presente caso, a necesidade de cesar de maneira inmediata os

vertidos ao medio natural e garantir a continuidade dun servizo público esencial constitúe unha razón de interese público cualificada que xustifica a aplicación da tramitación urxente, permitindo reducir os prazos do procedemento e asegurar unha resposta administrativa eficaz e acorde coa gravidade da situación.

O técnico que subscribe o presente informe sinala expresamente que a non adopción de medidas inmediatas para cesar os vertidos podería dar lugar á comisión de infraccións ou delitos en materia ambiental, nos termos establecidos nos artigos 325 e seguintes do Código Penal, polo que a adopción da tramitación urxente non só responde á eficiencia administrativa, senón tamén á necesidade de previr posibles responsabilidades penais e administrativas derivadas da continuidade da contaminación.

O presente informe emítase en base ás valoracións técnicas contidas no informa da empresa xestora do servizo, sen prexuízo da responsabilidade que corresponda ao seu autor respecto do seu contido.

3. Conclusións.

Á vista do exposto, queda debidamente acreditada a necesidade de proceder á contratación do subministro e instalación dunha bomba para a EBAR de San Lorenzo, así como dos elementos auxiliares necesarios para o restablecemento do seu funcionamento.

Así mesmo, resulta igualmente acreditada a concorrencia de razóns de interese público de carácter grave, urxente e inaplazable, derivadas da interrupción dun servizo público esencial e da existencia de vertidos de augas residuais ao medio natural, que esixen unha actuación administrativa inmediata.

En consecuencia, propónse a tramitación urxente do expediente de contratación, ao abeiro do disposto no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por non resultar compatible a resolución da situación cos prazos ordinarios de tramitación, sendo esta vía adecuada para garantir unha resposta eficaz e proporcionada á gravidade dos feitos descritos”.

Vista a Providencia da sra. Alcaldesa de data 8 de xuño de 2026 na que solicita da técnica de xestión de Administración xeral, de secretaría e de intervención municipal a emisión de informe verbo da posibilidade de aplicación ao expediente da tramitación de emerxencia.

Visto o informe emitido pola interventora interina o día 08.06.2026 (CVD: Uy+0urNFPdda4JFX5Jlw) no que di:

“INFORME INTERVENCIÓN:

ASUNTO: D12-SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE BOMBA PARA LA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AGUAS RESIDUALES (EBAR) DE SAN LORENZO

I. ANTECEDENTES

- Informe presentado pola empresa AUGASERVI SL data 30.01.2026 e número de rexistro de entrada 202699900000517 con asunto: Informe de incidencias técnicas en varios bombeos de augas residuais (EBAR)
- Proposta e informe técnico de necesidade da sección de servizos asinado o 11.03.2026 (CVD: eGc3Y/5EJTiy06TOvCJA)

- Invitacións a 3 empresas para o suministro e instalación da bomba mencionada cun PBL (IVE incluído) de 13.158,38 euros en data de 24.03.2026
- Informe de necesidade e xustificación de tramitación urxente do expediente de contratación asinado 25.03.2026 (2x5pm1pK05RI2nWZCU4U)
- Dilixencia intervención asinada 13.04.2026 (CVD: q7ehmvLDTm/RkVz7SS7O)

Unha vez expostos os documentos que constan no expediente procédese a realizar unha breve resume do acontecido ata a data actual:

- Con data 30 de xaneiro de 2026, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e rede de sumidoiros, AUGASERVI S.L., emitiu informe técnico no que se pon de manifesto que a Estación de Bombeo de Augas Residuais (EBAR) de San Lorenzo atópase fóra de servizo, indicando a imposibilidade de reparación dunha das bombas existentes e a avaría da segunda, circunstancia que provoca o alivio directo de augas residuais a canle pública. Devandito extremo consta igualmente recollido na providencia de Alcaldía e no informe técnico de necesidade.
- Mediante Providencia de Alcaldía de data 9 de marzo de 2026 dispúxose o inicio da tramitación dun contrato menor para a subministración e instalación dunha bomba para a EBAR de Santo Lorenzo, ao obxecto de restablecer o funcionamento do sistema de bombeo e evitar a continuidade das verteduras.
- Con data 11 de marzo de 2026 emitiuse proposta e informe de necesidade pola Sección de Servizos, no que se conclúe que a EBAR atópase actualmente fóra de servizo, producíndose verteduras directas de augas residuais ao medio natural, cualificando a actuación como urxente e necesaria para garantir a continuidade do servizo público esencial de saneamento e evitar riscos de contaminación ambiental.
- Con data 25 de marzo de 2026, o Enxeñeiro Técnico Municipal emitiu informe xustificativo da necesidade de tramitación urxente do expediente, no que se indica expresamente que a persistencia da situación incrementa os danos ambientais e que a falta de adopción de medidas inmediatas podería dar lugar á comisión de infraccións ou delitos en materia medioambiental, facendo referencia aos artigos 325 e seguintes do Código penal. Así mesmo, conclúe que concorren razóns de interese público de carácter grave, urxente e inaprazable
- Consta no expediente dilixencia emitida por esta Intervención, de data 13 de abril de 2026, na que se fai constar a inexistencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias do Capítulo 6 do Orzamento municipal para atender o gasto proxectado.
- Desde que esta Intervención tivo coñecemento da situación descrita nos informes técnicos incorporados ao expediente, mantivéronse diversas reunións e comunicacións de traballo co Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal, e este mesmo a súa vez con Secretaría e o órgano xestor ao obxecto de analizar a viabilidade orzamentaria e a tramitación administrativa necesaria para restablecer o funcionamento da EBAR de San Lorenzo coa maior celeridade posible, dada a afección a un servizo público esencial e a persistencia das verteduras de augas residuais ao medio natural.

- No marco das devanditas actuacións de coordinación interna, e á vista das circunstancias técnicas concorrentes, valorouse a conveniencia de acudir aos procedementos excepcionais previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para posibilitar unha resposta inmediata á situación descrita nos informes técnicos, sen que ata a data se houbera materializado a correspondente tramitación.
- A efectos de contextualizar a tramitación do presente expediente, debe deixarse constancia de que durante o período comprendido entre o 2 de marzo e o 1 de xuño de 2026, ambos inclusive, a que subscribe permaneceu en situación de licenza de estudos, circunstancia que limitou o exercicio ordinario das funcións propias do posto durante o devandito período. Así mesmo, o Orzamento Xeral do Concello atópase actualmente prorrogado desde o exercicio 2024, non dotándose crédito específico para actuacións de investimento da natureza da presente, o que determinou a inexistencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións correspondentes ao Capítulo 6. Igualmente, debe facerse constar que, na data de emisión do presente informe, os servizos económicos municipais atópanse desenvolvendo os traballos de formación e aprobación da liquidación orzamentaria do exercicio anterior, carecendo alén de persoal técnico adscrito á área de xestión do gasto, circunstancia que supuxo unha especial carga organizativa para a tramitación dos expedientes económicos. As circunstancias anteriormente descritas non alteran o criterio técnico desta Intervención respecto de a correcta clasificación económica do gasto, que ordinariamente correspondería ao Capítulo 6, aínda que constitúen elementos de contexto que explican a dificultade material para dispoñer, no momento actual, de crédito adecuado na devandita clasificación orzamentaria.

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Competencia de la Intervención.

De conformidade co disposto nos artigos 213 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, a función interventora ten por obxecto o control previo dos actos da entidade local que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou obrigas de contido económico.

Segundo.- Natureza do gasto.

Da documentación obrante no expediente resulta que o obxecto do contrato consiste na subministración e instalación dunha nova bomba somerxible para augas residuais, xunto cos elementos auxiliares necesarios para o seu funcionamento, sendo o compoñente principal da prestación a subministración dun elemento inventariable destinado a integrarse de forma permanente nunha infraestrutura municipal.

A xuízo desta Intervención, e conforme os criterios establecidos na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, así como aos principios contables aplicables á Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, a clasificación económica ordinaria do gasto correspóndese co Capítulo 6 — **Investimentos reais, ao tratarse dun ben susceptible de incorporación ao inventario municipal e de amortización plurianual.**

Terceiro.- Situación excepcional concorrente.

Sen perxuízo do anteriormente exposto, os informes técnicos incorporados ao expediente describen unha situación de interrupción dun servizo **público obrigatorio**, con verteduras continuadas de augas residuais ao medio natural e risco de afección ambiental e sanitaria, cuxa persistencia incrementa os danos e as posibles responsabilidades derivadas para a Administración.

Así mesmo, consta acreditada a inexistencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións do Capítulo 6 para atender a necesidade exposta, circunstancia posta de manifesto por esta Intervención mediante dilixencia de data 13 de abril de 2026.

Cuarto.- Contido económico do expediente.

Sen prexuízo das competencias atribuídas ao órgano de contratación e aos órganos xestores do expediente, esta Intervención considera que as circunstancias descritas nos informes técnicos incorporados ao expediente poñen de manifesto a concorrencia de razóns de interese público de carácter grave, urxente e inaprazable, susceptibles de fundamentar a utilización dos mecanismos excepcionais previstos na lexislación de contratos do sector público para garantir o restablecemento inmediato do servizo, o contrato de emerxencia do artigo 120 LCSP

III. CONSIDERACIÓNS

Primeira.- A clasificación económica que, con carácter ordinario, correspondería á presente actuación sería a correspondente ao Capítulo 6 do Orzamento Municipal. (Aplicación 160.61900)

Segunda.- A inexistencia de crédito suficiente no devandito capítulo impediú ata a data a adecuada cobertura orzamentaria da actuación proxectada.

Terceira.- Consta acreditada no expediente a existencia dunha situación de grave risco ambiental derivada da continuidade das verteduras, advertíndose reiteradamente polos servizos técnicos municipais a necesidade de adoptar unha solución inmediata.

Cuarta.- A efectos **exclusivamente** de posibilitar a continuidade da tramitación administrativa e evitar a prolongación da situación descrita nos informes técnicos, esta Intervención considera procedente efectuar a correspondente retención de crédito na aplicación orzamentaria do Capítulo 2 habilitada ao efecto, deixando expresa constancia de que devandita imputación responde a unha situación excepcional e non altera o criterio técnico de clasificación económica do gasto que, con carácter xeral, correspondería aplicar.

IV. CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, esta Intervención considera que:

Primeiro. Que a natureza económica ordinaria do gasto derivado do expediente 2026/C002/000004 correspóndese cun investimento real, susceptible de imputación ao Capítulo 6 do Orzamento Municipal.

Segundo. Que, non existindo crédito adecuado e suficiente no devandito capítulo e concorrendo unha situación excepcional de interese público derivada da necesidade de restablecer de forma inmediata un servizo público esencial e evitar a continuidade de verteduras de augas residuais ao medio natural, esta Intervención non formula obxección á práctica da retención de crédito na aplicación orzamentaria do Capítulo 2 habilitada ao efecto, deixando constancia expresa da excepcionalidade da devandita medida.

Terceiro. Que a emisión do presente informe limítase o ámbito propio das funcións de control interno atribuídas a esta Intervención, sen prexulgar as decisións que, no exercicio das súas respectivas competencias, correspondan adoptar o órgano de contratación e aos restantes órganos municipais competentes”.

Visto que con data do 08.06.2026, incorpórase ao expediente documento de retención de crédito asinado pola interventora interina con cargo á aplicación orzamentaria 160.21300, por importe de 13.158,38 euros (Código para validación: 81MYO-E6JWF-1NLO6).

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral mais pola secretaria xeral o día 08.06.2026 (CVD: BdX9GTok9AYpuaB0ZmL+), que, entre outras cousas, di:

“(…)

ANTECEDENTES

Como antecedentes fácticos máis relevantes a efectos do que logo se dirá cómpre relacionar os seguintes:

I.- O 30 de xaneiro de 2026 don José Manuel Otero Díaz, segundo di, en representación de AUGASERVI, S.L. presentouse escrito(núm. rexistro entrada 202699900000517) no que expón que “ *Se presenta informe sobre incidencias técnicas importantes en distintas estaciones de bombeo de augas residuais (EBAR). No referido informe indicábase que a EBAR de San Lorenzo atópase 100% non operativa e aliviando a leito público, non sendo posible a reparación da bomba nº 1 por obsolescencia, e por avaría na bomba nº 2.*”

II.- Por Providencia da Alcaldía de data 9 de marzo de 2026 (CVD: Fj77beOpwwFvOahzCXrt) dispúxose que pola Sección de Servizos se procedera a iniciar a tramitación dun contrato menor para a subministración e instalación dunha bomba para a Estación de Bombeo de Augas Residuais (EBAR) de San Lorenzo, de conformidade co disposto na lexislación vixente en materia de contratación do sector público.

III.- En data 11 de marzo de 2026 polo enxeñeiro técnico de obra pública interino emitíuse proposta informe de de necesidade (CVD: eGc3Y/5EJTiy06TOvCJA)

IV.-En data 25 de marzo de 2026 o enxeñeiro técnico de obra pública interino emitiu informe de necesidade e xustificación da tramitación urxente do expediente(CVD: 2x5pm1pK05RI2nWZCU4U.)

V.- Segundo consta no historial do expediente, delegouse un trámite a persoal de intervención o 12 de marzo de 2026. O informe de intervención emitíuse pola interventora accidental o 13 de abril de 2026, no que, entre outras cousas, expuxo que: “.....*Comprobada a contabilidade a 13.04.2026 non existe crédito axeitado e suficiente na aplicación 160.61900 outras invers. reposic.*

alcantarillado , cuns créditos totais asignados de 0,00 euros e disponibles a nivel de vinculación 0,00 euros.”..

VI.- Por Providencia da sra. Alcaldesa de data 8 de xuño de 2026 solícitase da técnica de xestión de Administración xeral , de secretaría e de intervención municipal a emisión de informe verbo da posibilidade de aplicación ao expediente da tramitación de emerxencia.

VII.- Aos anteriores antecedentes, cómpre engadir os seguintes que, aínda que non constan no expediente examinado, considéranse relevantes para determinar a concorrencia dos presupostos esixidos pola normativa vixente para utilizar a tramitación de emerxencia:

- En data 3 de febreiro de 2025, don José Manuel Otero Díaz, segundo di, en representación de Augaservi, S.L. presentouse escrito (núm. rexistro entrada 202599900000568) ao que achega un documento que, entre outras cousas, expón; “ *Se informa que una de las bombas, del bombeo de fecales de San Lorenzo, no funciona, se sacó para ar y está agarrotada, se piensa que puede tener algún rodamiento roto, por lo que urge se repare, ya que el bombeo está funcionando con una sola bomba.*

- En data 16 de xullo de 2025 preséntase informe de AUGASERVI no que expón:

*“ Asunto: Informe relativo a incidencia grave en el bombeo de fecales de San Lorenzo
Se informa que el bombeo de fecales de San Lorenzo, que estaba funcionando solo con una bomba, ya que la otra bomba se había presentado al ayuntamiento informe con presupuesto para reparación y se estaba a la espera de que el ayuntamiento ordenase la reparación de la misma, hoy ha dejado de funcionar la bomba que estaba en activo, de la cual también se hizo informe en febrero de que no funcionaba correctamente.
Por lo tanto, el bombeo de fecales de San Lorenzo al no tener ninguna bomba funcionando, es desbordando las aguas residuales para un regato que hay al lado del bombeo,
Se les comunica la incidencia para su conocimiento y es URGENTE el tomar las medidas oportunas.”.*

- En data 17 de xullo de 2025 José Manuel Otero Díaz, actuando, segundo di, en representación de AUGASERVI,S.L. preséntase escrito no que expón que presenta informe relaivo á incidencia grave no bombeo de San Lorenzo.

No dito documento expone o seguinte:

*“ Asunto: Informe relativo a incidencia grave en el bombeo de fecales de San Lorenzo
Ayer se ha presentado escrito relativo a que el sistema de bombeo de agua residuales (EBAR) de San Lorenzo, no tenía ninguna bomba en funcionamiento, vertiendo las aguas residuales al río.
Por parte de esta empresa se ha contactado con la empresa Tecnomak, que en ocasiones ya ha llevado acabo reparaciones en alguna estaciones de bombeo; al personarse un empleado de dicha empresa en el bombeo, consiguió que la bomba quedase funcionando provisionalmente, por lo que ahora no se está vertiendo al río.
Es urgente la reparación adecuada tanto de esta bomba, que aunque ha quedado funcionando provisionalmente, si no se repara cuanto antes, la bomba quebraría en cualquier momento; como la sustitución de la otra bomba de esta EBAR, que actualmente está fuera de servicio desde hace meses y que todavía no se ha dado orden de sustitución, enviado al ayuntamiento el 19 de marzo, presupuesto para sustitución de esta bomba. Si lo que sucedí po ayer a media mañana, volviera a ocurrir, se produciría una situación de emergencia, al verter las aguas residuales al rio,*

si no se adoptan de forma inmediata las acciones necesarias, para el correcto funcionamiento de la EBAR”.

- Por Resolución da Alcaldía de data 6 de agosto de 2026 acordouse adxudicar, mediante tramitación de emerxencia, o contrato do servizo de reparación da bomba b2 da EBAR de San Lourenzo, ao licitador Tecnomak Sistemas y Fluidos, S.L, con NIF B70340989, e domicilio no polígono industrial da Xira, Camiño Carreira, nave 33, Cambre, no prezo de 1664,20 euros sen IVE (2013,68 IVE incluído) dada a imperiosa urxencia en contar con ese servizo.

- En data 11 de agosto de 2025 por don José Manuel Otero Díaz se presenta escrito no rexisto do Concello (núm. Rexistro 202599900005035) no que expón que achega informe sobre a reparación da bomba . O documento que achega, no que consta a data de 11 de agosto de 2025 expon que:

“Se emite el presente informe, para indicar que la empresa Tecnomak, ya ha realizado la reparación de la bomba 2 del bombeo de San Lorenzo, la cual se ajusta al presupuesto que ha presentado en su día para dicha reparación y que dichos precios son acordes a los precios de mercado.

A día de hoy el EBAR de San Lorenzo está funcionando, gracias a la reparación de esta bomba, aunque está pendiente la reparación/sustitución de la otra bomba.”

VIII.- Con data do 08.06.2029 emítase informe pola interventora interina (CVD: Uy+0urNFPdda4JFX5Jlw) no que di:

“(…)”.

IX.- Con data do 08.06.2026, incorpórase ao expediente documento de retención de crédito asinado pola interventora interina con cargo á aplicación orzamentaria 160.21300, por importe de 13.158,38 euros (Código para validación: 81MYO-E6JWF-1NLO6).

CONSIDERACIONES JURÍDICAS

Primeira.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público regula a tramitación de emerxencia, que ten un carácter excepcional. Así, preceptúa o seguinte:

“1. Cuando la Administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro o de necesidades que afecten a la defensa nacional, se estará al siguiente régimen excepcional:

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente de contratación, podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente. En caso de que no exista crédito adecuado y suficiente, una vez adoptado el acuerdo, se procederá a su dotación de conformidad con lo establecido en la Ley General Presupuestaria.

b) Si el contrato ha sido celebrado por la Administración General del Estado, sus Organismos Autónomos, Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social o demás entidades públicas estatales, se dará cuenta de dichos acuerdos al Consejo de Ministros en el plazo máximo de treinta días.

c) El plazo de inicio de la ejecución de las prestaciones no podrá ser superior a un mes, contado desde la adopción del acuerdo previsto en la letra a). Si se excediese este plazo, la contratación de dichas prestaciones requerirá la tramitación de un procedimiento ordinario.

d) Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Ley sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación. En el supuesto de que el libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizado a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos.

2. Las restantes prestaciones que sean necesarias para completar la actuación acometida por la Administración y que no tengan carácter de emergencia se contratarán con arreglo a la tramitación ordinaria regulada en esta Ley *legais do artigo 120 da LCSP.*"

Para unha maior análise deste tipo de tramitación, tráese a colación a Resolución nº 102/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, que analizou un suposto no que se formulaba a pertinencia dunha contratación efectuada por emerxencia, concluíndo sobre o mesmo o seguinte:

"(.../...) para que proceda la tramitación de emergencia es necesario:

- *Que concurra alguno de los supuestos que taxativamente establece la ley, sin que sea suficiente cualquier otra circunstancia que de lugar a cualquier otra situación de urgencia.*
- *Que no sea suficiente para resolver la situación la utilización de otros procedimientos menos restrictivos de la libre concurrencia*
- *Que la emergencia sea apreciada por el órgano de contratación y*
- *Que la tramitación se limite a lo estrictamente indispensable en el ámbito objetivo y temporal para prevenir o remediar los daños derivados de esa situación.*

*A los anteriores requisitos, este Tribunal ha de añadir uno más: **que la causa de la emergencia no sea imputable al propio órgano de contratación, es decir, que la situación de emergencia no hubiera podido ser evitada por el órgano de contratación mediante una actuación diligente.**"* (o subliñado e negrita é propio).

O procedemento de emerxencia é, pois un procedemento de carácter excepcional.

Tendo en conta os antecedentes expostos, a xuízo das que subscriben non concorren no suposto examinado os presupostos esixidos para a tramitación de emerxencia, toda vez que a necesidade da substitución da bomba non se produciu de xeito inesperado, xa que dita necesidade existe dende hai máis de 10 meses (lémbrese que nos escritos presentados por Augaservi de 16 ,17 de xullo e 11 de agosto xa se fixo referencia á necesidade de reparación/ substitución da bomba) polo que a falta de dilixencia na incoación e tramitación do oportuno expediente de contratación, non é un suposto legalmente contemplado no artigo 120 da LCSP, pois coñecendo a necesidade dende dita data debéronse adoptar polo órgano de contratación as decisións necesarias para adquirir a bomba, previa tramitación do oportuno expediente.

E en canto ás consecuencias da ausencia dos requisitos neses casos, o Tribunal Administrativo central de recursos contractuais anuda a dita falta á nulidade de pleno dereito do procedemento. Así sinala na Resolución anteriormente citada que: *"Pues bien, entrando ya en lo que se refiere al fondo del asunto, una vez determinada la falta de concurrencia de los requisitos , se concluye sin mayor dificultad argumental la nulidad de pleno derecho del procedimiento, toda vez que no se ha cumplido ninguna de las exigencias establecidas legalmente en relación con el inicio, tramitación y resolución del procedimiento de contratación"*.

Non obstante o anterior, o feito é que nos atopamos agora cunha situación que infrinxe gravemente á legalidade vixente (polos verquidos que, segundo se informa polo enxeñeiro técnico de obra pública se producen), e que podería terse evitado de terse contratado a subministración da bomba cando xurdiu a necesidade (no ano 2025). Neste punto, cabe lembrar o criterio da Xunta Consultiva de Contratación do Estado en relación a estas situacións, segundo o cal, a solución a este tipo de problemas (Informe do 10 de decembro de 2018, expediente 86/18) estriba nunha dilixencia reforzada dos órganos de contratación, e nun concepto ao que a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, outorga unha gran importancia no seu artigo 28.4 como é a programación e planificación adecuada da súa actividade contractual.

Preséntase agora unha situación á que o Concello debe darlle unha solución **sen dilación**, e para a que o ordenamento xurídico non ofrece unha solución inmediata axustada a dereito, habida conta dos antecedentes citados.

En todo caso á vista da situación descrita nos escritos presentados por Augaservi,S.L. e nos informes emitidos polo enxeñeiro técnico de obra pública interino, que require da adopción **sen demora** por parte dos órganos decisorios do Concello das medidas necesarias tendentes a solventar os verquidos, tendo en conta que a situación, como se indicou, ten a súa orixe na falta de contratación da subministración da bomba cando xurdiu a necesidade (hai máis de 10 meses), é competencia dos órganos decisorios do Concello a adopción **urxente, baixo a súa exclusiva responsabilidade**, das medidas necesarias a tal fin.

Por outra banda, á vista do documento de de Augaservi,S.L. que indica no asunto “Informe de incidencias técnicas en varios bombeos de aguas residuales EBAR”, de 30 de xaneiro de 2026, deben adoptarse as medidas urxentes e iniciar os procedementos que resulten necesarios en aras a solventar as incidencias que no dito documento se expoñen.

(...)”.

Visto que das tres empresas invitadas, soamente unha presentou a seguinte oferta:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE engadido
SULZER PUMPS WASTEWATER SPAIN, S.A.	10.047,05€	12.156,93€

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 391/2025, do 30 de abril, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Declarar de emerxencia a tramitación deste expediente, atendendo ás circunstancias descritas nos informes técnicos incorporados ao expediente, que poñen de manifesto a concorrencia de razóns de interese público de carácter grave, urxente e inaprazable, susceptibles de fundamentar a utilización deste mecanismo excepcional previsto no artigo 120 da LCSP para garantir o restablecemento inmediato do servizo; isto, de acordo co fundamento de dereito cuarto do informe emitido pola interventora interina o día 08.06.2026.

Segundo: Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contratación núm. 2026/C002/000004, cuxo obxecto é a contratación da subministración e instalación dunha bomba para a EBAR de San Lourenzo, con cargo á aplicación orzamentaria 160.21300.

Segundo.- Adxudicar o contrato á empresa SULZER PUMPS WASTEWATER SPAIN, S.A., N.I.F. A28388023 e domicilio en 28522 Rivas Vaciamadrid, avenida de La Técnica, número 5, Polígono Industrial de Santa Ana, no prezo ofertado de 10.047,05 € sen IVE (12.156,93 €, IVE engadido), por ser a única empresa que presentou oferta e non superar esta o prezo de licitación.

Terceiro.- Designar responsable do contrato ao enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don David Fraga Germade, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Cuarto.- Notificar ao adxudicatario, para que execute o contrato nas condicións acordadas, así como a todos os licitadores presentados para o seu coñecemento.

Quinto.- Dar traslado desta resolución, a través da plataforma de administración electrónica TEdC, ao responsable do contrato e á Intervención municipal para a súa constancia e para os efectos oportunos, así como ao departamento de Contratación para os efectos de dar cumprimento á publicidade esixida polos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso - administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguío quen, unha vez concedido, manifesta que se vai a abster na votación, porque non tivo tempo para estudalo.

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 9 de xuño de 2026 (CVD: k1V4yEcEMkTR696dDkVC), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), dos/as Sres./as: D^a. Diana Piñeiro Fernández, D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Unha (1), do Sr: D. Raúl Varela Fraguío.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 9 de xuño de 2026 (CVD: k1V4yEcEMkTR696dDkVC), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, manifesta que roga que non se repita a falta de limpeza do lixo que había o domingo producida pola festa do sábado.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que foi un erro do Sporting Cambre, pero di que isto non quita que teñan que mirar todo con lupa; que se confiou en que o farían ben e non foi así.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e dezasete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo